



ANPA GALATEA

Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as do CEIP
Plurilingüe Virxe do Mar

QUE FAI A ANPA GALATEA?

- **A ANPA REPRESENTA AS FAMILIAS** nos órganos de xestión do centro como o Consello Escolar.
É a canle para dirixir peticións colectivas ante a dirección do colexio e outras entidades.
Tamén pode exercer como mediador. E asiste e asesora as familias en todo o relacionado coa educación dos seus fillos.
- **UNIDA É MÁIS FORTE:** Formamos parte da Federación de Anpas de centros públicos de Ferrolterra (FEANPAS) e da Confederación ANPAS GALEGAS.
- **SERVIZO DE ALMORZOS:** Para axudar á conciliación, a ANPA xestiona o servizo de almozos subvencionado polo Concello de Narón a través do convenio “Saúde e nutrición escolar”. Funciona de 7:30 a 9:00 no comedor do centro.
- **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:** Organizamos e coordinamos unha oferta variada de actividades extraescolares que se imparten no propio colexio, de luns a xoves, de 4 a 6 da tarde.
- **CELEBRACIÓNS E FESTAS:** Para favorecer as relacións entre as familias e para fomentar as tradicións galegas, organizamos varias actividades: Samaín, Nadal, Entroido, fin de curso, entre outras.
- **AXENDA ESCOLAR:** Xestionamos a elaboración dunha axenda escolar que lles facilitamos cada curso aos alumnos de Primaria.
- **REPORTAXE FOTOGRÁFICA E CHÁNDAL:** Coordinamos coas empresas responsables os encargos de chándal e das fotografías de recordo escolar.

QUE É UNHA ANPA?

Unha ANPA é unha asociación formada por nais e pais dos alumnos do colexio.

É unha canle fundamental para a participación das familias na comunidade escolar.

A asemblea xeral de socios elixe unha xunta directiva que é a que representa á ANPA.

Pertencer á ANPA é voluntario. Pódese estar asociado durante todo o tempo que os fillos e fillas permanezan no colexio

POR QUE DEBO ASOCIARME Á ANPA?

Porque cantos máis sexamos, máis respectada e valorada será a ANPA ante as administracións.

¿Como apoiar?

Asociándose cunha **cota anual de 20 euros por familia**, e participando nas actividades e na asemblea xeral.

- **CONVENIOS E SUBVENCÍONS:** Xestionamos e tramitamos a documentación necesaria para acadar convenios, acordos e subvencións coas administracións públicas (concello de Narón, Deputación da Coruña e Xunta de Galicia) que permitan realizar actividades de interese para os alumnos e as familias.
- **ACORDOS CO COMERCIO LOCAL:** Asinamos convenios con varios establecementos de Narón que ofrecen aos asociados descontos e vantaxes de ocio, seguros, moda, informática, óptica, perruquería...
- **ONDE ESTAMOS:** O local da ANPA está no 1º andar enriba das aulas de Infantil.
- **COMO ASOCIARME:** Cubrir o impreso de inscrición ou actualización e pagar a cota de **20 euros anuais** por familia.
- **COMO CONTACTAR:** Para calquera dúbida, suxerencia ou aportación:
 Correo electrónico: anpavirxedomar@gmail.com
 Facebook: Anpa Galatea
 Whatsapp: 620 58 34 04
 Buzón da ANPA (na entrada do colexio)
 Personalmente falando con calquera membro da **actual xunta directiva**:

Presidente: Rubén López Lagares (pai de alumna de 3º)
 Secretaria: Patricia Rodríguez Juste (nai de alumno de 5º).
 Tesoureira: Silvia Rivas Romero (nai de alumno de 3º),
 Vogal: Javier García Traverso (pai de alumnos de Infantil e 3º)
 Vogal: Laura Rodríguez Marcos (nai de alumnas de 2º e 3º)
 Vogal: Mónica Rodríguez Ríos (nai de alumno de 4º)



**ENTIDADE SUBVENCIONADA
 POLO CONCELLO DE NARÓN
 NO ANO 2023**

ART. 5 DO REAL DECRETO 1533/86 POLO QUE SE REGULAN AS ANPAS

As asociacións de pais de alumnos asumirán as seguintes finalidades:

- a. Asistir aos pais ou titores en todo aquilo que concerte á educación dos seus fillos e pupilos.*
- b. Colaborar nas actividades educativas dos centros.*
- c. Promover a participación dos pais dos alumnos na xestión do centro.*
- d. Asistir aos pais dos alumnos no exercicio do seu dereito a intervir no control e xestión dos centros sostidos con fondos públicos.*
- e. Facilitar a representación e a participación dos pais de alumnos nos consellos escolares dos centros públicos e concertados e noutros órganos colexiados.*
- f. Calquera outras que, no marco da normativa do artigo anterior (Ley Orgánica do Dereito á Educación, este RD, e a Lei de Asociacións), lle asignen os seus respectivos Estatutos.*